



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 24 DE OUTUBRO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintecatro de outubro de dous mil dezaseis; as once da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín. -

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dezaioito de outubro de dous mil dezaseis (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

CAMBIO TITULARIDADE DEREITO FUNERARIO

Visto o escrito presentado por **Dona Maria Dolores Carballal Doval**, con domicilio en Portalaxe nº 32, Francelos, no que solicita o cambio de titularidade de dereito funerario, sobre a sepultura terrena núm. 38T, solcalco primeiro dereita-fila 5, do cementerio municipal actualmente o nome de José Carballal Doval, a nome de Dona Estrella Carballal Doval, para o cál acompaña diversa documentación, entre elas autorización da súa irma Dona Estrella Carballal Doval.

A Xunta de Gobeno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda autorizar a tramisión do dereito do aproveitamento funerario sobre a sepultura terrena núm. 38T, solcalco primeiro dereita-fila 5, do cementerio municipal a nome de Maria Dolores Carballal Doval, que deberá cumprir coas seguintes condicións:

1. Queda terminantemente prohibido o aluguer ou venda de nichos .
2. Non se autorizará ningunha inhumación ou exhumación en nichos a perpetuidade, sepultura construída, panteón ou mausoleo sen que se presente o oportuno permiso asinado polo titular do dereito de uso.



3. As cesións a perpetuidade, tanto de terreos para panteóns ou mausoleos, coma de nichos e sepulturas construídas, enténdense outorgadas por todo o tempo durante o cal se utilice o cemiterio, non tendo dereito os cesionarios a indemnización algunha, nin tampouco polas construcións, cando por calquera causa se clausurase o cemiterio.
4. Se o Concello, por reforma do cemiterio ou outra causa, distinta do acordo de clausura, suprimise algunha destas sepulturas perpetuas, asignará ao concesionario outro terreo en sitio distinto, con dereito a indemnización pola construción que deba desaloxar.
5. É obriga dos titulares do dereito de uso dos panteóns ou mausoleos, nichos e sepulturas construídas, o coidado das debidas condicións de hixiene, ornato e conservación.
6. Cando estas construcións fosen desatendidas dando lugar a que aparezan en estado de ruína ou abandono, co conseguinte perigo ou mal aspecto, o Concello poderá demolelas e retirar cantos atributos e obxectos se encontren na sepultura, trasladando os restos que puidese conter ao osario común, sen que poida esixírselle indemnización algunha.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Do Servicio Municipal de deportes, acta da sesión ordinaria do Consello municipal de deportes celebrada o día 18 de outubro de 2016.
- Do Servicio de Emprego e Economía Social, Resolución concedendo subvención para o fomento de emprego no medio rural (APROL RURAL), 4 traballadores.
- Da Axencia de Turismo de Galicia, comunicando a inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma o cambio de titular do establecemento denominado Meu, sito na Progreso nº 33, a nome de Julio López Rodríguez.
- Da Deputación Provincial de Ourense, comunicando Bases para a elaboración e execución do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial para o exercicio 2017.
- Do Xulgado de primeira instancia e instrución de Ribadavia, comunicando auto de sobreseimento provisional do procedemento abreviado núm. 0000278/2016.
- Do Xulgado de primeira instancia e instrución de Ribadavia, comunicando auto de sobreseimento provisional do procedemento abreviado núm. 0000279/2016.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CONCESION DE AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR, CURSO 2016-2017.-



Examinadas as solicitudes presentadas dentro do prazo conferido o efecto e vistos os informes sociais da traballadora social e baremo recollido nas bases das axudas para material escolar do Concello de Ribadavia para o curso escolar 2016-2017, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda o seguinte:

1.- A CONCESIÓN DA AXUDA OS SEGUINTES BENEFICIARIOS E CUANTÍAS:

- Marissela Mosquera Mosquera** con DNI 44482474Z: **90€**por
Xavier Soto Mosquera
- Diana Freijido Dominguez** con DNI 76711195P: **90€**por
Alejandro Francisco Freijido
- Laura Rodríguez Fernández** con DNI 34993659X: **90€**por
Carla Dantas Rodríguez
- Andrea Roxana Rivero** con NIE X47460011F: **90€**por
Ainoa Cortés Rivero
- Sandra María Picos Ulloa** con DNI 44496165C: **90€**por
Joel Heidhues Picos
- Raquel Vidal Fidalgo** con DNI 76727777F: **90€**por
Sergio González Vidal

APROBACIÓN DE BOLSA DE TRABAJO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes procede a aprobar a Normativa pola que se regula a convocatoria e elaboración das listas para a provisión temporal de postos de traballos de Auxiliar de Axuda no Fogar no Concello de Ribadavia.

Prazo de presentación de solicitudes: 20 días naturais seguintes contados dende a publicación desta normativa no BOP e poderanse formular perante o Rexistro Xeral do Concello de Ribadavia.

As solicitudes presentaranse de conformidade co disposto nas Bases no Rexistro Xeral do Concello.

Bases da Convocatoria: Poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, en horario de oficina, durante o prazo de presentación de solicitudes.

Prazas ofertadas: As previstas nas bases da convocatoria.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-



Concello de Ribadavia

E sendo a unha e media do mediodia, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.